

Memoria económica e de transparencia do convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Baltar para o proxecto senlleiro de humanización da zona destinada a voo libre con parapente, dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca".

Expediente: CNV23_16

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a contorna natural, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da





diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, entre outras funcións:

-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.

- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais

- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.

- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectosssenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadossenlleiros.pdf). As regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.





SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.

- Interese público e social: O 4 de maio 2023 o Concello de Baltar presentou unha solicitude de colaboración á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca". Xunto coa solicitude achegou o proxecto técnico que contén unha memoria valorada para a humanización da zona destinada a voo libre con parapente, no Concello de Baltar na provincia de Ourense.

A finalidade das actuacións propostas están destinadas á mellora e reforma deste espazo público por ter un marcado significado social na contorna na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público en condicións de seguridade que satisfaga as necesidades da veciñanza.

O conxunto das actividades que se van desenvolver, están proxectadas a unha humanización do entorno que se complementa coa colocación de bancos de pedra, mesas para poder comer, zonas de descanso, recollida de residuos sólidos e orgánicos tendo sempre presente, a protección o medio ambiente.

Todas estas actuacións redundarán na mellora e as condicións de uso e goce do mesmo co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos.

Polo tanto, trátase dunha intervención que ten como finalidade satisfacer as necesidades da veciñanza, fortalecer o desenvolvemento do rural galego, mellorar a relación social dos veciños e evitar o seu despoboamento o que xustifica o seu interese público e social.





- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade e excepcionalidade das actuacións que propón o Concello de Baltar reside nun espazo público que ten unha importancia na contorna natural.

A Serra do Larouco é un dos lugares máis emblemáticos e importante para o voo libre en Galicia. É un dos lugares máis frecuentados polos deportistas de ala delta e parapente debido ás condicións térmicas especiais dos vales e, en varias ocasións, organizáronse campionatos a nivel nacional e europeo.

Por medio desta actividade darase a coñecer este espazo natural fomentando o seu interese na cidadanía. As actuacións a desenvolver realizaranse tendo en conta a protección da contorna natural e do medio ambiente.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación, e dada a necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da contorna natural da comarca. Neste caso o proxecto presentado polo Concello de Baltar, propón a humanización da zona destinada a voo libre con parapente.

Debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

En concreto, en relación ao proxecto de que se trata, as razóns que xustifican o interese social e público que dificultan a promoción da concorrencia pública e a seguinte: acondicionar, mellorar, conservar, protexer, dar a coñecer e divulgar o entorno da Serra do Larouco dentro do uso sustentable do patrimonio natural a través da actividade de ala delta.

A humanización desta zona destinada a voo libre con parapente, fan esta actuación singular no seu conxunto non comparable con outras propostas o que fai dificulta concorrencia pública para este tipo de proxectos tan singulares

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.- Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan.





O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

D) Promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. (...)
- b. Mellorar a restauración, a conservación, a protección, o coñecemento, a divulgación ou o uso sustentable do patrimonio natural.

TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Baltar, queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 30.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2023.

- PROXECTO "Humanización da zona destinada a voo libre con parapente", dentro da categoría promoción e posta en valor da contorna natural da comarca.
- ORZAMENTO: Corenta e oito mil trescentos noventa e nove euros con noventa e un céntimos (48.399,91 €), para o período 2023-2024.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o ano 2023 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento
Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)





Tipo de indicador	Indicador	Valor inicial	Valor final	Unidade	Data Vixencia
5-PEG	INFAN1- Porcentaxe de gasto de infancia e adolescencia	14,33	14,33	%	10.12.2021

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2023-2024, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".			TOTAL
Importe	2023	2024	48.399,91 €
	27.171,87 €	21.228,04 €	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2024. Para os gastos correspondentes á anualidade 2023, o prazo de execución e xustificación rematará o 30.11.2023 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2022. Para os gastos realizados comprendidos dende o 01.12.2023 o prazo de xustificación rematará o 15.11.2024.

Orzamento xeral e actividades a desenvolver:

Orzamento xeral e desglose actuacións por anualidades

- Orzamento xeral

CAPÍTULO	ACTIVIDADE	PORCENTAXE	CANTIDADE	PREZO	ORZAMENTO
01	Limpeza de cunetas	5,12	994 m	1,73	1.719,62 €
02	Base macadam	17,14	229,2 m ³	25,13	5.759,80 €
03	Triple rega asfáltica	33,89	2.292 m ²	4,97	11.391,24 €
04	Aporte de terra vexetal	2,01	37,48 m ³	18,00	674,64 €
05	Aporte de zahorra	5,28	73,92 m ³	24,00	1.774,08 €
06	Nivelación e instalación de caseta para wc	1,16	1 Ud	390,00	390,00 €
07	Bancos de	14,58	7 Ud	700,00	4.900,00 €





	pedra rústica				
08	Merendeiros de pedra rústica	14,58	2 Ud	2.500,00	5.000,00 €
09	Instalación de cano	2,53	2 Ud	425,00	850,00 €
10	Instalación de postes e cadea	0,74	1 Ud	250,00	250,00 €
11	Sinalización	1,34	1 Ud	450,00	450,00 €
12	Papeleiras para lixo	0,98	3 Ud	110,00	330,00 €
13	Instalación toma de auga	0,37	1 Ud	124,00	124,00 €
Orzamento de execución material					33.613,38 €
13,00 % Gastos xerais					4.369,74 €
6,00 % Beneficio industrial					2.016,80 €
Orzamento Base de Licitación (sen I.V.E.)					39.999,92 €
21% I.V.E					8.399,99 €
Orzamento execución por contrata					48.399,91 €

- Desglose actuacións por anualidades

- Anualidade 2023 :

ACTIVIDADE	PORCENTAXE	CANTIDADE	PREZO	ORZAMENTO
Limpeza de cunetas	5,12	994 m	1,73	2.476,08 €
Base macadam	17,14	229,2 m ³	25,13	8.293,54 €
Triple rega asfáltica	33,89	2.292 m ²	4,97	16.402,25 €
Importe total con IVE				27.171,87 €

- Anualidade 2024 :

ACTIVIDADE	PORCENTAXE	CANTIDADE	PREZO	ORZAMENTO
Aporte de terra vexetal	2,01	37,48 m ³	18,00	971,41 €





Aporte de zavorra	5,28	73,92 m ³	24,00	2.554,50 €
Nivelación e instalación de caseta para wc	1,16	1 Ud	390,00	561,56 €
Bancos de pedra rústica	14,58	7 Ud	700,00	7.055,51 €
Merendeiros de pedra rústica	14,58	2 Ud	2.500,00	7.199,50 €
Instalación de cano	2,53	2 Ud	425,00	1.223,91 €
Instalación de postes e cadea	0,74	1 Ud	250,00	359,97 €
Sinalización	1,34	1 Ud	450,00	647,96 €
Papeleiras para lixo	0,98	3 Ud	110,00	475,17 €
Instalación toma de auga	0,37	1 Ud	124,00	178,55 €
Importe total con IVE				21.228,04 €

Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:

- Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
- Informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.





O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

